

Acta IX Asemblea Xeral da MAREA PONTEVEDRA
Luns 4 de maio de 2015 na Sede da Marea (García Camba, 2, 1ªA)

Sendo as 20,35 horas e co quórum requirido (22 persoas) da comezo a Asemblea Xeral de Marea Pontevedra coa seguinte

ORDE DO DÍA:

1. Lectura e aprobación se procede da acta anterior
2. Información da Campaña Electoral
3. Definir as liñas xerais da políticas de alianzas da Marea
4. Rogos e preguntas

ACORDOS:

1. Aprobese por asentimento a acta da asemblea anterior.
2. Información da Campaña Electoral.

O Coordinador da campaña, Xoán hermida, explica as liñas xerais da campaña da Marea e a súa organización. Durante a mesma a permanente funcionará como comité electoral e crearanse grupos de activistas para diferentes tarefas. Tamén se explican os elementos centrais da campaña e as súas liñas centrais.

Aprobese por unanimidade o orzamento da campaña de un máximo de 8.000 € baseado en:

- Transparencia. Publicación na web
- Autofinanciamento. Microcreditos, iniciativas propias e doazóns persoas, cea inicio de campaña.
- Austeridade. Reciclahe de lonas, 0 de publicidade, pouca papelería.

3. Definir as liñas xerais da políticas de alianzas da Marea

Co fin de ser claros con respecto ás posibles alianzas postelectorais e tamén co fin de situar na participación cidadá as decisións débátense as liñas centrais para calquera acordo.

Apróbanse, por unanimidade, as seguintes 11 liñas:

- Maior participación (novo regulamento de participación cidadá e orzamentos participativos).
- Políticas de transparencia (auditoría de contas do concello).
- Plan de emerxencia social contra pobreza e polo emprego.

- Xestión directa e pública da auga e do lixo.
- Rede básica de servizos nas parroquias do rural.
- Aprobación do PXOM na lexislatura.
- Recuperación integral da fachada litoral da ría.
- Recuperación ambiental dos ríos e das xunqueiras.
- Protección do monte da Fracha (paralización A57).
- Rede de transporte público integral e interparroquial.
- Non renovación do convenio coa praza de touros.

Aprobase, por unanimidade, someter estas liñas a unha consulta cidadá, aberta e en urna, a celebrar o 15 de maio, comprometéndonos a converter as 5 máis votadas en liñas vermellas de calquera negociación ou pacto futuro.

4. Rogos e preguntas

Non se trata ningún tema neste punto.

Sen máis asuntos que tratar levantase a xuntanza ás 21,50 horas.

Asinado: Xoán Hermida | Secretario de Actas (Coordinador)